


PLAN MUNICIPAL DE FORMACIÓN LABORAL



CULLEREDO
CONCELLO

2018
CULLEREDO

PLAN MUNICIPAL DE FORMACIÓN LABORAL 2018

DIRIXIDO A:

Veciños/as do Concello de Culleredo, preferentemente en situación de desemprego e inscritos/as no Servizo Público de Emprego de Galicia.

PRAZAS OFERTADAS:

No caso de que o número de solicitudes supere ao de prazas, realizarase un sorteo público. Non se poderá realizar un curso no que xa se participara e se rematara con aproveitamento na convocatoria do ano 2017.

Cada solicitante só poderá solicitar un curso de entre os ofertados na presente convocatoria. Un curso poderá ser cancelado cando non se cubran como mínimo o 80% das prazas.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES:

Rexistro Municipal

- Edificio de Servizos Múltiples, R/ Ramón Cabanillas, nº 14. O Burgo - Culleredo
- Casa do Concello. Rúa do Concello, nº12, Tarrío - Culleredo.

PRAZO DE SOLICITUDE:

Do 2 ao 6 de abril de 2018.

De 9:00 a 14:00 horas.

PLAN MUNICIPAL DE FORMACIÓN LABORAL 2018

CALENDARIO DO PROCEDEMENTO

| | |
|------------|---|
| 17/04/2018 | Publicación da lista provisional de solicitudes presentadas e admitidas |
| 23/04/2018 | Publicación da lista do alumnado admitido - Realización dun SORTEO PÚBLICO (en caso necesario) |
| 03/05/2018 | Publicación da lista provisional do alumnado admitido, segundo o resultado do sorteo |
| 15/05/2018 | Publicación da lista definitiva do alumnado admitido |

INFORMACIÓN E PUBLICACIÓN DOS LISTADOS

CENTRO MUNICIPAL DE FORMACIÓN E EMPREGO "PABLO PICASSO"

R/ Antonio Machado, s.n, O Burgo – 15670 Culleredo

Tel: 981 664 204

MANIPULACIÓN DE CARGAS CON CARRETA ELEVADORA



OBXECTIVO:

Realizar as operacións necesarias para a manipulación e desprazamento de diferentes tipos de mercancías utilizando a carreta elevadora, aplicando a normativa correspondente á lexislatura sobre a prevención de riscos e saúde laboral.

CONTIDOS TEÓRICOS:

- A carreta elevadora.
- Diferentes tipos de carretas elevadoras.
- Normativa aplicable. Prevención de riscos laborais no seu manexo.

CONTIDOS PRÁCTICOS:

- Circulación sobre un circuito: marcha adiante, marcha atrás, circulación sen carga, circulación sobre rampa.
- Circulación con carga.
- Carga e descarga de palés con mercancías.

CRITERIOS DE ACCESO DO ALUMNADO:

Veciños/as do Concello de Culleredo, preferentemente en situación de desemprego e inscritos/as no Servizo Público de Emprego de Galicia, de 18 anos de idade ou máis que posúan o carné de conducir B.

DURACIÓN POR EDICIÓN: 20 horas

MODALIDADE: Presencial.

PAZAS POR EDICIÓN: 12

EDICIÓNS: 3

NIVEL BÁSICO EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS



OBXECTIVO DO CURSO:

Adquirir, dacordo aos contidos formativos desenvolvidos polo V Convenio Colectivo Xeral do Sector da Construcción os coñecementos que se requiren para o desempeño das funcións de nivel básico de prevención de riscos laborais (art. 166).

CONTIDOS TEÓRICO - PRÁCTICOS:

- Conceptos básicos sobre seguridade e saúde.
- Riscos xerais e a súa prevención.
- Riscos específicos e a súa prevención no sector da construción.
- Elementos básicos de xestión da prevención de riscos.
- Primeiros auxilios.

DURACIÓN: 60 horas

MODALIDADE: Presencial.

PRAZAS: 15

OPERADOR/A DE PLATAFORMAS ELEVADORAS DE PERSOAL E TRABALLOS EN ALTURA



OBJECTIVO:

Aprender o uso e manexo eficaz e seguro da plataforma elevadora de brazo, de tipo pico pato, e a extensible de tipo tesoir, e o uso correcto, de todos os equipos de seguridade e EPIS de traballos en alturas.

CONTIDOS TEÓRICO - PRÁCTICOS:

- Coñecementos mecánicos sobre as máquinas.
- Avarías máis comúns.
- Preparados de alimentación de combustible.
- Sistemas de seguridade da máquina.
- Operacións de identificación do tipo de risco.
- Uso e manexo eficaz e seguro da plataforma elevadora.

CRITERIOS DE ACCESO DO ALUMNADO:

Veciños/as do Concello de Culleredo, preferentemente en situación de desemprego e inscritos/as no Servizo Público de Emprego de Galicia, de 18 anos de idade ou máis.

DURACIÓN: 20 horas
MODALIDADE: Presencial.
PAZAS: 15

MANIPULADOR/A DE ALIMENTOS



OBJECTIVO:

Adquirir os coñecementos, destrezas e actitudes necesarias para aplicar no seu posto de traballo un comportamento correcto e as técnicas axeitadas de hixiene e sanidade alimentaria en manipulación de alimentos, para impedir a súa contaminación e previr posibles alteracións alimentarias en aquelas especialidades de Industrias Alimentarias, Hostelería e aquelas outras para cuxo exercicio profesional se necesite.

CONTIDOS TEÓRICO - PRÁCTICOS:

- Calidade alimentaria.
- Alteracións dos alimentos.
- Manipulación hixiénica dos alimentos.
- Locais e instalacións.
- Hixiene persoal.
- Información de produtos alimenticios: Identificación, etiquetado, caducidade, composición.
- Hixiene alimentaria: Microorganismos nos alimentos, contaminacións, infeccións e intoxicacións alimentarias.
- Conservación dos alimentos.
- Lexislación aplicable ao/á manipulador/a de alimentos.

DURACIÓN POR EDICIÓN: 4 horas

MODALIDADE: Presencial.

PRAZAS POR EDICIÓN: 20

EDICIÓN: 2

COIDADOR/A DE PERSOAS DEPENDENTES NO DOMICILIO



OBXECTIVO:

Desenvolver intervencións básicas, de atención a persoas dependentes, no domicilio.

CONTIDOS TEÓRICO - PRÁCTICOS:

- Realización da hixiene e aseo da persoa dependente.
 - Aplicación de técnicas de aseo e hixiene corporal.
 - Cambios posturais.
 - Asistencia ao/á usuario/a para vestirse.
- Mantemento da orde e condicións hixiénicas da habitación do/a usuario/a.
 - Técnicas de realización de camas.
- Administración de alimentos e recollida de eliminacións.
- Colaboración na mobilización, traslado e deambulación dos/as usuarios/as.
 - Mobilización de persoas dependentes.
 - Prevención de caídas e accidentes do/a usuario/a.
 - Prevención de riscos laborais nas tarefas de deambulación, traslado e mobilización.
 - Prestación de primeiros auxilios en situacións de urxencia.

DURACIÓN: 50 horas

MODALIDADE: Presencial.

PRAZAS: 15

CURSO BÁSICO DE INFORMÁTICA



OBJETIVO:

Iniciar aos alumnos no mundo destas tecnoloxías e no manexo básico do ordenador de cara a que se familiaricen co seu uso, que coñezan as súas posibilidades de traballo e saiban utilizar as ferramentas básicas, para deste modo facilitarlles a busca de emprego.

CONTIDOS TEÓRICO - PRÁCTICOS:

- Coñecer e coller práctica co ordenador.
- Iniciación a Internet.
- A web. A busca de información.
- Comunicacións. Correo electrónico.
- Nocións de seguridade e privacidade.

DURACIÓN: 40 horas
MODALIDADE: Presencial.
PRAZAS: 15

Anotaciones



A spiral-bound notebook page with 12 horizontal lines for writing. The spiral binding is on the left side. The page is titled "Anotaciones" at the top center.



CULLEREDO
CONCELLO

**Concellaría de Desenvolvemento
Socioeconómico, Turismo e Festas**

Centro Municipal de Formación e Emprego “Pablo Picasso”
Rúa Antonio Machado, s/n
Teléfono 981 664 204
www.culleredo.es